



O 23 DE MAIO NO CC ÁREA CENTRAL  
DESDE AS 16:30 ATA AS 19:30



## MEMORIA DO PROXECTO

**Data de realización da memoria: Xuño de 2014.**

# II TRÓCAME-ROQUE

NON TE PERDAS O II MERCADIÑO  
SOLIDARIO PARA RAPACES E RAPAZAS



APÚNTATE EN:  
CRUZ VERMELLA, IES ANTONIO FRAGUAS,  
CEIP DE FONTIÑAS E CEIP MONTE DOS POSTES




area central





## Esta memoria foi realizada por:



- ✦ **Eva María González Santiago**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **María Jesús Viqueira Pérez**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Margarita Vazquez Teo, educadora social do Programa municipal socioeducativo** (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **María Dolores Sanz Lobo**; orientadora do IES Antonio Fraguas.
- ✦ **Alicia Castelo Vieites**; educadora social do Programa de apoio á familia “Abeiro” (Cáritas Interparroquial de Santiago de Compostela).
- ✦ **Eva Ramos Domínguez**; educadora social do Programa de apoio á familia “Abeiro” (Cáritas Interparroquial de Santiago de Compostela).

## Coa colaboración dos restantes membros da Comisión Organizativa:



- ✦ **Pablo Méndez Trigo**; técnico de xuventude de Cruz Vermella de Santiago de Compostela.
- ✦ **Isabel Suárez Carballo**; coordinadora do Equipo da Fundación Secretariado Xitano de Santiago de Compostela.
- ✦ **Milagres Budiño Gasamáns**; directora do Centro de Día “Arela”.
- ✦ **Jorge Carballido Salgado**; técnico de prevención da UMAD (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Alejandro Quiñoá Casteleiro**. Responsable de Proxectos Área Centroamérica-ACPP

*E, por suposto, co apoio e coa colaboración dos restantes membros das Xuntanzas de Barrio de Fontiñas.*



## Índice

	<b>Páxs.</b>
1. O proxecto de mercadiño solidario “Trócame-Roque” estaba fundamentado en	4
2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos	8
3. O desenvolvemento do proxecto	10
3.1.- O inicio	11
3.2.- A “fase PRE”	12
3.3.- A “fase DURANTE”	17
a).- A xornada de mañá	17
b).- A xornada de tarde	18
4. A avaliación de resultados	22
4.1.- Como se fixo a avaliación?	23
4.2.- Avaliación cuantitativa	23
4.3.- Avaliación cualitativa	28
4.4.- Grao de consecución de obxectivos	31
5. Os nosos agradecementos	33

Nota: Noutro documento figura o resume de memoria e os anexos á mesma.



**T  
r  
ó  
c  
a  
m  
e  
-  
R  
o  
q  
u  
e  
e  
s  
t  
a  
b  
a  
f  
u  
n  
d  
a  
m  
e  
n  
t  
a  
d  
o  
e  
n  
:**  
**1 : O Mercadiño solidario**



Fontiñas: un barrio novo, pero que xa ten mais que cumprida a súa maioría de idade, que vai medrando día a día, que avanza na súa consolidación, que pouco a pouco vai reforzando o seu sentimento de pertenza. Xuventude, que é sinónimo de forza; diversidade, que é sinónimo de enriquecemento persoal e social; en definitiva, dificultades, sí; potencialidades, tamén...

Pero Fontiñas ten xa unha importante traxectoria vital... Movements da súa poboación, autonomía das familias condicionada polos diferentes plans de vivendas, unidade dos servizos que traballan na zona, importante labor desempeñada nos últimos anos, etc., aspectos que esixiron que vinte e dous anos despois da constitución do barrio fixéramos unha “parada no camiño” a reflexionar, novamente, cal é a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia.


A actuación profesional non debe obviar o nivel “asistencial”; hoxe mais que nunca, cobra importancia a



cobertura das necesidades básicas da poboación. Por elo, a labor coordinada de todos nós cobra, cada vez mais, unha especial importancia e amosa un novo “punto de encontro”: **todos traballamos cun mesmo fin, o *benestar do veciñanza***. Pero non debemos esquecer que hai outros niveis aos que *debemos prestar atención*: a **prevención das situacións de vulnerabilidade social e o esforzo para reforzar o sentimento de “vida comunitaria”**; un firme aposta pola “convivencia”; convivencia “positiva”, fomentando a igualdade social, dende o respecto á diferenza de cada quen, pero tamén dende o exhaustivo cumprimento da lexislación vixente e dos dereitos constitucionais que asisten a cada cidadán.

É evidente que “a unión fai a forza”; así o amosa día a día o *traballo coordinado* de tódolos servizos públicos e entidades do barrio. Un traballo comunitario que se albiscaba alá polo ano 1998 e que se evidencia como unha realidade, amplamente consolidada na actualidade. Un traballo coordinado, en rede, que pretende incidir no *benestar do veciñanza*, no fomento da *igualdade social* e da *autonomía persoal*.





Despois dunha análise exhaustiva da realidade social, realizada durante os anos 2011 – 2012, fíxose unha detección de necesidades<sup>1</sup>, que deu lugar ao establecemento de 22 liñas de actuación que deben inspirar o quefacer profesional das distintas entidades sociais, educativas e sanitarias da zona. Inspirándonos na liña 7 (Actividades Comunitarias, que integrasen e implicasen a todo o barrio), comezamos a desenvolver esta proposta que a súa vez abrangue outras liñas de acción, coma son: liña 14 (Impulso de actividades para a xuventude), liña 18 (Activación de procesos de solidariedade social) e liña 20: Propiciar a dinamización social.

Pero a propia implementación do proxecto logrou que se dera contido a outras áreas ou liñas de intervención que se contemplaban no mencionado documento técnico:

- Liña 6: Difusión do tecido asociativo.
- Liña 10: Reforzo das actividades co colectivo pertencente ao pobo xitano.
- Liña 21: Actuacións con poboación de orixe estranxeiro.

O fin da organización deste mercadiño é **sufragar un proxecto solidario ubicado no propio barrio de Fontiñas**. Se ben somos conscientes de que o que se recaude vai ser algo simbólico, queremos, este ano, que este importe se destine basicamente a “colaborar na financiación” do gasto dalgunha necesidade socioeducativa detectada na zona, canalizado a través de entidades sociais (Cruz Vermella). Esta necesidade estaría vinculada ao Ensino Infantil, por ser a etapa de escolarización (non obrigatoria) *que presenta unha situación de maiores gastos en material para as familias, dado que non dispón de becas ao efecto*.

<sup>1</sup> Mais información, no apartado de “documentación: Diagnóstico comunitario do barrio de Fontiñas”, da web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)



Sinalar que é a **segunda ocasión que se implementa un proxecto destas características; que ten un fin solidario, pero tamén**, e non menos importante, **socioeducativo**:


- ☒ Educar ás nosas nenas e nenos na co-responsabilidade e na solidariedade; e
- ☒ Social, fomentando sempre a convivencia no contorno comunitario, cunha triple vertente: os enfoques de igualdade, interculturalidade e interxeneracionalidade.



Tendo en conta que os principais actores da xornada son as rapazas e rapaces que viven na zona e os centros educativos aos que asisten, cómpre ter presente dende a perspectiva educativa, a importancia de que eles tomen conciencia das necesidades sociais que existen no contorno e do que poden aportar para solventalas. Trátase da concreción dun proxecto baseado na “aprendizaxe-servizo”. Contaríase co traballo, implicación e aportacións dos propios menores para acadar un fin solidario. non afastado, senón próximo.

Pártese da idea de que os centros educativos e as restantes institucións sociais teñen unha concepción “aberta á comunidade”: trabállase dende cada ámbito, pero somos capaces de desenvolver unha actividade conxunta, con fins compartidos, e levala a cabo no propio contexto social.

Por último sinalar que para a elaboración do presente proxecto se tivo en conta as aportacións dos propios menores e a avaliación da edición anterior (ano 2013), nun contexto dunha programación “participativa”.







- ✦ Fomentar a participación e a dinamización social na zona.
- ✦ Reforzar os “espazos de encontro” e a “vida comunitaria”, nos que estean presentes os valores da igualdade e da solidariedade social.
- ✦ Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.
- ✦ Activar procesos de solidariedade entre a veciñanza, facéndoos conscientes de necesidades do barrio.
- ✦ Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.
- ✦ Concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven e “espertar” neles iniciativas de índole solidaria.
- ✦ Ofertar aos mais novos a posibilidade de que “sexan a voz” que transmita novas iniciativas comunitarias.
- ✦ Difundir a importancia de valorar a interculturalidade.
- ✦ Promover a integración das persoas de orixe estranxeira nas actividades do barrio.



0 4 0 0 X 0 3 0 2 0 4 3 0 3 0 - 0 < 3 0 0 2 0 - 1 3



O sentido deste apartado é poder relatar todo o proceso dende a súa xénese ata a súa posta en escena, os itinerarios seguidos, as dificultades atopadas, pero sobre todo as actuacións levadas a cabo. O proxecto foi medrando como a nosa motivación e implicación, aderezadas cunha boa dose de imaxinación e creatividade.

### 3.1.- O inicio do proxecto:

- ✚ O proxecto como tal, en canto a intencións e formato naceu o curso pasado (ver Memoria 2013<sup>2</sup>, na que se relatava como o entón Xefe de Estudos do CEIP Fontiñas, no contexto dunha xuntanza de barrio mantida o 5 de febreiro, plantexaba como idea a organización dun mercadinho, que fora implementado por rapazas e rapaces). Pero esta segunda edición, que se nutre das mesmas ilusións, é ademais a materialización das propostas de mellora e suxestións feitas na avaliación do Trócame-Roque 2013. Mantéñense os principios inspiradores da actividade: o fomento de solidariedade, da convivencia e da igualdade, incorporando ademais outros aspectos non menos importantes:
  - Educar na co-responsabilidade.
  - Cun triple enfoque: igualdade, interculturalidade e interxeneracionalidade.
- ✚ Na Xuntanza de Barrio de Fontiñas mantida o 10 de marzo realizouse unha reflexión sobre proxectos implementados o pasado ano, e dado os resultados acadados, valórase positivo a súa realización neste curso. Para tal fin, acórdase manter unha xuntanza específica para a súa posta en marcha na que estivesen presentes as entidades interesadas na súa realización.
- ✚ Seguindo o modelo colaborativo e de traballo en equipo da edición anterior, establécese unha Comisión para a organización do Proxecto, integrada por varios dos compoñentes das Xuntanzas de Barrio de Fontiñas: coordinadora do Centro de Día Arela, coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, orientadora do IES Antonio Fraguas, técnico de xuventude de Cruz Vermella, educadoras sociais do Programa de atención a familias “Abeiro”, técnico de prevención en drogodependencias da



UMAD, traballadoras sociais da UTS Fontiñas, educadora social do Programa municipal socioeducativo e Concelleira de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela. Nesta edición contouse coa participación activa da Asemblea de Cooperación pola Paz, cunha dimensión mais, xa que está a implementar na zona o Proxecto de “Barrios abertos”. Este

proxecto ten como finalidade promover a convivencia e a participación cidadá, especialmente da poboación inmigrante, do sector Fontiñas – San Pedro. Par acadar este fin, utilizan como un dos mecanismos o feito de implicarse na vida do barrio cun enfoque intercultural e de potenciación do valor da diversidade e do enriquecemento cultural .

---

<sup>2</sup> Documentos da Rede Comunitaria do barrio de Fontiñas en: [www.compostela.integra.org](http://www.compostela.integra.org)



- ✚ Esta Comisión Organizativa mantivo un total de 5 xuntanzas<sup>3</sup>. Nas primeiras xuntanzas, foise dando forma ao proxecto, co obxecto de dar continuidade ao mercadillo, respectando a idea de manter as estruturas básicas deseñadas na edición anterior en canto a cuestións como:
- Lugar de realización: de novo, a superficie comercial de Área Central, pola boa acollida e colaboración do curso pasado, e por ser un punto referencial para a vida comunitaria.
  - A data: dado que nos cuestionarios de avaliación do curso pasado, comentaron que sería mellor adiantalo, decídese sondear ós rapaces sobre datas máis axeitadas.
  - Con respecto ó nome, a comisión ten claro que Trócame-Roque gusta moito, polo que se decide mantelo, ó igual que o cartaz.
  - Igualmente, mantéñense cuestións decididas e clarificadas o ano pasado en múltiples sesións de reflexión, discusión e indagación, sobre o formato do mercadillo: a venda e o troco irán acompañados de actividades, actuacións e talleres. O mesmo con relación ó tipo de vendas, normativas e permisos.
  - Tamén queda planteada a cuestión de para que fins<sup>4</sup>. Decídese abrir un foro na web compostelaintegra para facer propostas ás que destinar a recaudación que se lograse.
  - Xa nestes primeiros momentos, tivemos en conta a proposta do alumnado participante de poñer unha porcentaxe mínima da aportación a entregar dos cartos recaudados. Decídese sondear ó alumnado que porcentaxe sería correcta propoñer.

En definitiva, foise creando un “roteiro” coas diversas xestións que se tiñan que ir estruturando e a consecuente asignación de tarefas a cada quen. Coma sempre, facendo camiño ao andar...

### 3.2.- A fase “PRE”:

- ✚ A idea estaba clara, so había que levala á práctica fundamentándose na experiencia anterior e na optimización e aproveitamento dos recursos existentes. Primeiramente había que concretar cales serían os fins aos que se destinaría o proxecto, aspecto que levou a reflexionar sobre a finalidade do anterior proxecto e o seu estado actual de realización.



Para isto realizouse unha choiva de “ideas” (para facilitar esta tarefa abriuse un foro na web [compostelaintegra.org](http://compostelaintegra.org)). A finalidade do proxecto debía facilitar a materialización inmediata e estar destinada a “colaborar na financiación” do gasto dalgunha necesidade socioeducativa detectada na zona, canalizado a través de entidades sociais (Cruz Vermella).

<sup>3</sup> Datas de celebración das xuntanzas: 10 de marzo, 25 de marzo, 7 de abril, 30 de abril, e 19 de maio de xuño.

<sup>4</sup> Os establecidos nos obxectivos do proxecto e na finalidade: apoiar iniciativa solidaria próxima e colaborar na mellora das infraestruturas do barrio.





Foron numerosas as achegas vinculadas coa educación infantil; elevados custes do materiais, demandas de materiais específicos, ausencia de apoios a nivel estatal ou autonómico para este fin.... Dada esta realidade, finalmente acordouse que esta II edición do mercadiño solidario Trócame – Roque estivese orientada a sufragar os custes destes materias (ou parte dos mesmos) a aquelas unidades familiares que presentasen unhas circunstancias sociais, económicas e educativas carenciais.

- ✚ Para determinar a data de celebración da actividade tivéronse en conta aspectos a tales como; festividade, calendario de actividades/exames do alumnado dos diferentes centros educativos, existencia ou non de festas patronais.... A orientadora do IES Antonio realizou unha sondaxe entre o alumnado do seu centro o cal foi determinante para a concreción dunha data, quedando establecido para o día 23 de maio. Non houbo alegacións contrarias nin por parte dos restantes centros educativos nin polas outras entidades.
- ✚ En canto á ubicación, co obxecto de incidir no sentimento de pertenza ao barrio, de activar as súas instalacións, así como a idoneidade do emprazamento do pasada edición e a colaboración brindada polo persoal, acordouse que sería o centro comercial Área Central o lugar mais adecuado para su realización. A traxectoria de colaboracións previas, xunto coa experiencia, mais que positiva, da pasada edición, foron argumentos que reforzaron esta decisión, aos que se debe engadir aspectos tales como: a climatoloxía e a dinamización dunha zona comercial tan importante para o barrio. Profesionais da Fundación Secretariado Xitano e Cruz Vermella mantiveron 4 xuntanzas de coordinación coa xerencia do devandito centro comercial: presentación do proxecto; concreción de aspectos como data, horario, produtos “á venda”, mobiliario e material necesario, organización de espazos e montaxe, son, carteis, etc. A sensibilidade amosada polos seus responsables foi absoluta e brindaron todo o seu apoio a esta iniciativa comunitaria, evidenciando o seu compromiso social co barrio no que están asentados.
- ✚ Preciso tamén era poñer por escrito o contido do proxecto, dándolle un enfoque técnico e introducindo a perspectiva da interculturalidade; a encargada de realizar esta tarefa foron ás traballadoras sociais da UTS, recollendo as achegas das distintas entidades.
- ✚ Para presentar a actividade e poder divulgala era necesario contar co correspondente cartel. A anterior edición contou cun cartel elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas, coa axuda dos seus fillos (a quen tamén é xusto agradecer a colaboración). Valorouse pertinente a utilización do mesmo cartel como un elemento de identificación da actividade. A orientadora do IES Antonio Fraguas quedou en realizar os cambios oportunos; logos entidades, reformulación contido,código QR, etc., para introducir na carteleira.





- ✦ Outro aspecto fundamental era estipular o formato de mercadiño que se quería desenvolver: que se podía vender, que se podía trocar, que tipos de permisos eran necesarios. A experiencia da pasada edición respoustou a moitas dúbidas.
- ✦ Sen deixar nada ao azar, plasmouse por escrito os correspondentes formularios de inscrición e de autorización dos proxenitores ou titores para a participación dos menores na actividade e para a cesión da súa imaxe (este documento figura en anexos). Esta tarefa foi realizada pola coordinadora do Centro de Día Arela, quen tamén se encargou de presentala, en diversos foros (restantes redes comunitarias, outras entidades, etc.). A educadora social do programa municipal socioeducativo presentaría esta actividade na xuntanza de barrio de San Pedro.
- ✦ A impresión dos carteis correu a cargo de Asemblea de Cooperación pola Paz, imprimindo un total de 60 carteis e 200 postais informativas. Estas foron distribuídos entre os membros da comisión para a súa difusión. A educadora social do programa municipal socioeducativo fixo chegar estes carteis aos centro educativos do contorno e a través de correo electrónico a tódolos centros educativos da cidade e entidades de iniciativa social.
- ✦ Estableceuse inicialmente como “puntos de recollida de inscricións” Cruz Vermella, IES Antonio Fraguas, CEIP das Fontiñas e CEIP Monte dos Postes.
- ✦ Unha vez recollidas as inscricións, realizouse un listado dos diferentes grupos: un total de 27, dos cales 12 pertencían ao IES Antonio Fraguas, 2 a Cruz Vermella, 2 ao Centro de Día Arela, 2 o Programa Abeiro e 9 o CEIP Fontiñas. A elaboración do listado correu a cargo inicialmente de Cruz Vermella.
- ✦ Elaboráronse soportes documentais específicos para a implementación do proxecto: trípticos informativos, actuacións comunitarias, etc. Tamén foi preciso a impresión dun maior número de carteis o cal estivo a cargo de Área Central.
- ✦ A difusión do proxecto fíxose de varias formas:
  - Cada entidade empregou os seus recursos para estender a información mediante difusión directa (xuntanzas, carteis, entrevistas, etc.) e difusión dixital (webs, correo electrónico, etc.).
  - Rolda de prensa celebrada o 21 de maio de 2014, nas dependencias do Concello de Santiago de Compostela. Na mesma participaron a xefa de Área de Servizo Sociais, a orientadora do CEIP Fontiñas, as educadoras sociais do Programa Abeiro, a coordinadora da Fundación Secretariado Xitano e o técnico de Xuventude de Cruz Vermella e o encargado do proxecto de “Barrios Abertos” pertencente a Asemblea de Cooperación pola Paz. Para presentar aos diferentes medios de comunicación dende a UTS Fontiñas realizouse un dossier con distinta información (síntese





do proxecto, síntese de actuacións comunitarias e tríptico informativo), que foi remitido ao departamento municipal de Prensa para a súa distribución.

○ Utilización de medios dixitais:

- Dende a UTS remitiuse ao departamento de Prensa municipal información do proxecto para ser incorporada na web [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)
- Dende a UTS incorporouse cumprida información na web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org) sobre a actividade.
- Esta información tamén foi recollida no facebook e no twitter de Servizos Sociais: <https://www.facebook.com/ssociaiscompostela?fref=nf> e en <https://mobile.twitter.com/>
- Dende o IES fíxose unha primeira difusión na web do centro [www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/](http://www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/) co proxecto, co cartel e coa folla de inscrición. Tamén mediante correo electrónico a tódolos membros do claustro e á ANPA, quen difundiu a maiores a actividade entre os seus socios. Nunha segunda fase, fíxose unha nova difusión na web co novo cartel e os últimos detalles informativos. Finalmente, o grupo de investigación Stellae da USC (do que a orientadora é membro) fixo a difusión na súa páxina <http://stellae.usc.es/>
- Dende o Proxecto de Barrios Abertos, difundíuse a actividade a través do seu perfil facebook de Asemblea. Tamén contou cun photocall durante a xornada.
- Difusión directa:
  - As traballadoras sociais da UTS e a educadora social municipal entregaron información por escrito aos diferentes usuarios do servizo na quincena previa á data do proxecto.
  - As traballadoras sociais da UTS e a educadora social municipal, nos dous días previos, realizaron chamadas telefónicas a usuarios do servizo para presentar e divulgar a actividade.
  - As traballadoras sociais da UTS coordináronse co persoal do Servizo Municipal de Axuda no Fogar para difundir a actividade entre os nosos maiores, sobre todo, naqueles nos que por problemas sociosanitarios, teñen unha baixa participación en actividades comunitarias.
  - As educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro, do Centro de Día Arela e de Cruz Vermella divulgaron o proxecto entre os seus usuarios, utilizando tamén medios telemáticos (facebook). No caso de Abeiro, informaron na parroquia de Fontiñas, Cáritas Interparroquial, etc.
  - A orientadora do IES Antonio Fraguas fixo unha difusión exhaustiva entre todo o alumnado do seu centro educativo, co obxecto de acadar a participación dos menores.
  - O orientadora do CEIP Fontiñas divulgou o proxecto entre os rapaces e rapazas do seu centro educativo, co obxecto de que participasen e acudisen a visitar o mercadillo.



- O orientadora do CEIP Monte dos Postes divulgou o proxecto entre os rapaces e rapazas do seu centro educativo, co obxecto de que participasen e acudisen a visitar o mercadiño.
  - O IES Antonio Fraguas, o CEIP Fontiñas, o Centro de Día Arela , Cruz Vermella e o Programa Abeiro dinamizaron a participación dos rapaces, traballando directamente cos menores na realización de diversas manualidades.
  - O IES implicou profundamente ao equipo de convivencia e mediación escolar, moitos destes rapaces, á súa vez, foron os mellores embaixadores da actividade, ademais de vendedores nos postos.
  - O Centro municipal de Información á Muller colaborou coa realización dun obradoiro dirixido a menores: “Móviles e baritas máxicas”.
  - Cruz Vermella colaborou, a maiores, con actividades para menores e cun obradoiro cun enfoque interxeneracional.
  - O IES Antonio Fraguas colaborou, a maiores, cunha actividade musical: co coro de rapazas e rapaces do centro educativo.
  - A UMAD do Concello de Santiago de Compostela colaborou co obradoiro de *Breakdance*.
  - A Fundación Secretariado Xitano acadou que pechara a xornada unha actuación de cante e baile flamenco.
  - Tódalas entidades pertencentes á Comisión Organizativa, especialmente a Asemblea de Cooperación pola Paz, colaboraron aportando diversos materiais para a xornada.
  - A educadora do programa municipal socioeducativo encargouse da elaboración dos carteis que presentaban a finalidade da actividade. A impresión dos tres carteis correu a cargo desta última profesional .



- A coordinadora da Fundación Secretariado Xitano e o técnico de Cruz Vermella coordináronse con persoal da Area Central, para a organización e distribución dos espazos e material necesario. De novo, a implicación foi elevada.
- Dende o IES e a Asemblea de Cooperación pola Paz tamén se contactou coa coordinadora de Agareso (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios) para que o equipo de televisión do





mencionado centro escolar aportara a súa colaboración cubrindo a xornada e realizando unha reportaxe.

### 3.3.- A fase “DURANTE”:

#### a).- *A xornada de mañá:*

- ✦ O día comezou ao redor das 11 horas, cada profesional na súa entidade, preparando os diferentes materiais que previamente se acordara aportar.
- ✦ Cando eras as 12:30 horas, parte da Comisión Organizativa (integrada polas traballadoras sociais da UTS Fontiñas, a educadora social do programa municipal socioeducativo, as educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro, o técnico de Xuventude de Cruz Vermella e ACCP) chegan ás instalacións de Area Central, onde a “coordinadora” e persoal de mantemento esperaban aos profesionais para deixar organizado os diferentes materiais.
- ✦ Mesas xa listas para os distintos postos nas que se coloca a numeración e o seu nome. Estas mesas estaban dispostas en dúas zonas amplas, por mor do aumento do número de participantes con respecto ao curso pasado. Houbo un incremento do espazo con respecto á edición anterior.
- ✦ Mesas xa preparadas para os talleres implementados polo Centro municipal de Información á Muller, por Cruz Vermella e ACCP, coas novidades do taller de maquillaxe e os espazos para as actividades de Barrios Abertos.
- ✦ A concreción do espazo para a actuación do coro, a colocación do “paracaídas”, para a actuación de *Breakdance* e Flamenco e os espazos para o photocall intercultural.
- ✦ A megafonía foi outra das cousas solicitada para mellorar as actuacións e sería posta a primeira hora da tarde para poder facer probas.
- ✦ A ubicación do lugar para a televisión, onde se difundirían vídeos divulgativos de actividades levadas a cabo no barrio.
- ✦ A colocación da mesa das entidades, onde se colocaron trípticos informativos, tarxetas do cartaz e outras publicacións, que reflicten o traballo en rede das distintas entidades do barrio. Ao seu carón, panel informativo do proxecto deste ano.





- ✦ A colocación do peto para recoller as aportacións nun espazo privilexiado para que tivese unha maior visibilidade e importancia que o ano pasado. As compañeiras de Abeiro fixeron un vistoso deseño.
- ✦ As ubicacións e os formatos do espazo deste ano serán aspectos a analizar no apartado de avaliación ó igual que algún dos aspectos organizativos: dinamización da sactividades, persoas multitarefa...

### **b).- A xornada de tarde:**

- ✦ A tarde comezou ao redor das 15.45 horas, cando a Comisión Organizativa esperaba aos distintos participantes do mercadinho, cunha chegada puntual e cargada de ilusión.
- ✦ As rapazas e rapaces acudiron con tódolos medios e elementos materiais para poñer o posto.
- ✦ Dende a Organización adjudicáronse números aos distintos postos (carteis elaborados dende Cruz Vermella). Recibiron igualmente unhas pegatinas<sup>5</sup> co cartaz do Trócame-Roque para escribir nelas o seus nomes. Eles mesmos procederon á colocación dos seus produtos: repostería, artesanía e obxectos para trocar tales como xogos, libros, comics...



- ✦ Dende primeira hora da tarde, a asistencia ao mercadinho foi moi alta, con momentos especialmente intensos de afluencia de visitantes. Isto ocasionou que os diferentes integrantes da Organización se sentiran, ás veces, desbordados, e que tentarán abordar cada un deles tódolos aspectos que ían xurdindo. A pesar de que o ano pasado fixémonos a suxestión, para edicións futuras, de propor previamente unha división de tarefas, non o conseguimos satisfactoriamente. Deste xeito, en certos momentos había zonas moi cheas de xente e outras baleiras e o mesmo pasaba cos talleres. Probablemente sexa preciso dinamizar un pouco máis as actividades dende os stands que os desenvolven.



<sup>5</sup> Pegatinas realizadas pola orientadora do IES Antonio Fraguas.



- ✦ Os membros do coro “Aphonic Choar” e o seu director Carlos Encisa chegaron puntuais e con tempo suficiente para poder ensaiar antes do recital. A actuación foi valorada como moi positiva polos asistentes.
- ✦ A Concelleira de Servizos Sociais (que participou no proxecto) na inauguración do acto, dirixiu unhas agarimosas verbas de saúdo e parabéns a tódolos participantes e organizadores.
- ✦ Dende o principio da xornada estiveron presentes diversos medios de comunicación: El Correo Gallego, La Voz de Galicia, TVG. O alumnado do equipo de televisión do IES Antonio Fraguas, baixo a coordinación de Carmen Novas de Agareso realizou diversas entrevistas aos asistentes e grabacións do evento, para editar posteriormente un vídeo. O equipo do taller de TV de Barrios Abertos, proxecto implementado por Asemblea de Cooperación pola Paz, tamén realizaron unha reportaxe sobre a actividade.
- ✦ Durante a xornada proxectáronse diferentes vídeos que amosan as actividades realizadas no barrio de Fontiñas: “Fraguando a diversidade” (2012), “Trócame-Roque” (2013) e “En rede” (2012).

- ✦ Ó longo da tarde, apreciouse un bo ambiente, un espazo de convivencia, unha representación de tódolos colectivos sociais do barrio que evidenciaba a pluralidade social. O valor inclusivo desta actividade reforzábase tamén nos participantes directos, algún deles con factores de vulnerabilidade (por problemas de saúde, por dificultades sociofamiliares, por diversidade cultural), etc. Non obstante, o público incrementa a súa afluencia, máis



avanzada a tarde que nos primeiros momentos, agás as persoas interesadas en escoitar ó coro, polo que pódese plantear empezar máis tarde para o curso que vén.

- ✦ Desenvolvéronse diversos obradoiros, en simultáneo co mercaðiño:

- Obradoiros de manualidades, realizados cun enfoque interxeneracional, por Cruz Vermella: Obradoiro de maquillaxe, para os máis pequenos e obradoiro de fundas de móbiles.
- Actividades de fomento da igualdade implementadas dende o Centro de







Información á Muller do Concello de Santiago de Compostela:  
Decoración de variñas máxicas e bonecas interculturais.

- Obradoiro de *Breakdance*, por parte dos integrantes da Asociación Vella Escola e os alumnos da Escola Municipal de Breakdance.
- O obradoiro de TV de Barrios Abertos para realizar diferentes grabacións a modo de prácticas: entrevistas cos participantes, etc,...
- A Asemblea de Cooperación pola Paz tentou traballar aspectos inherentes a interculturalidade nos barrios a través dun photocall instalado para o efecto.



✚ En canto ás novidades deste curso, temos que destacar as actuacións do breakdance e de flamenco que gustaron moitísimo. Foi un acerto a ubicación no gran escenario de Área Central, que favorecía moito a visión do público e que contribuíu a realizar unhas actuacións xa de por si espléndidas.

✚ Avanzada a xornada chegou o momento de fomentar a valoración do proxecto. Para isto tentouse que os participantes cubran os cuestionarios e que os asistentes aportaran as súas opinións no “libro de visitas”. Sería desexable ter repartidos os cuestionarios dende o principio nas mesas



dos postos e dos talleres indicando ao comezo da tarde que teñen que cubri-lo tódolos participantes, para non deixar cara ó final da tarde a entrega dos cuestionarios.





- ✦ Area Central incrementou a súa colaboración, ofrecendo a tódolos menores que participaron nos postos unha pequena merenda, que foi moi agradecida polos mesmos e unha caixa de froita.
- ✦ Ao final, posto por posto, procedeuse á recaudación. Cada un deles decidía a cantidade a aportar, a partir do mínimo marcado de 40%.
- ✦ Chegado o momento da despedida (moito mais alá do horario establecido previamente), diferentes membros das Comisión Organizativa (traballadoras sociais da UTS, educadora social do Programa municipal Socioeducativo e educadoras sociais de Abeiro) procederon a colaborar co equipo de Area Central na recollida de lixo, para deixar a zona en perfectas condicións.







#### **4.1.- Como se fixo a avaliación?**

A avaliación foi *participativa* e *aberta*. Neste sentido, os diferentes participantes (tanto as rapazas e rapaces dos postos como os asistentes) puideron cumprimentar un pequeno *cuestionario*, de forma anónima. No mesmo abordáronse as seguintes cuestións:

1. Valoración da iniciativa.
2. Valoración do interese do proxecto solidario proposto.
3. Valoración das actividades de animación levadas a cabo ao longo da xornada.
4. Suxestións cara a realización doutras actividades comunitarias.

Abreuse tamén un "*libro de visitas*" (elaborado pola Coordinadora do Centro de Día Arela) para que as veciñas e veciños que o quixeran, fixeran constar a súa valoración sobre o proxecto.

A maiores, parte dos profesionais implicados na organización e implementación da xornada (traballadoras sociais da UTS Fontiñas, orientadora do IES Antonio Fraguas, técnico de xuventude de Cruz Vermella e educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro), realizaron unha avaliación técnica, cun dobre enfoque: cuantitativo e cualitativo (mantendo para isto varias xuntanzas).

#### **4.2.- Avaliación cuantitativa:**

Para a realización da avaliación cuantitativa da xornada formuláronse varios indicadores; vexamos o resultado de cada un deles:

##### **Indicador nº 1: Número de solicitudes de postos previstos: 25.**

- ✦ No periodo de inscrición recibíronse un total de 25 solicitudes de postos, dos cales 11 procedían do IES Antonio Fraguas, 8 do CEIP Fontiñas, 2 do Centro de Día Arela, 2 de Cruz Vermella e 2 do Programa de atención a familias Abeiro.
- ✦ Pódese suliñar que as inscricións foron superiores ás estimadas inicialmente pola Comisión Organizativa (esperábase manter os postos do ano pasado: 20).
- ✦ Dedúcese a importante labor de concienciación levada a cabo polo IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, Cruz Vermella, Programa de atención a familias Abeiro e polo Centro de Día Arela.

##### **Indicador nº 2: Número de postos finais no mercado: 27.**

- ✦ Inicialmente estaban previstos 25 postos; houbo dúas inscricións mais de última hora, polo que o incremento rexistrado foi do 8 % co respecto á cifra prevista.



- ✦ Nembargantes, se realizamos a comparativa coa edición anterior (20 postos), o incremento foi do 35 %.

**Indicador nº 3: Número de participantes previstos inicialmente para os postos: 75.**

- ✦ Utilizando como criterio establecido a diferenciación contemplada no artigo 37 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á adolescencia de Galicia, podemos suliñar que o 56 % dos participantes (42 menores) corresponden ao colectivo de “infancia”<sup>6</sup> e o 44 % (33 menores), corresponden ao colectivo de “adolescencia”<sup>7</sup>.
- ✦ Suliñar que neste ano cambiou notablemente a distribución dos participantes, sendo maioritarios os do colectivo infantil, dado que o IES Antonio Fraguas mantivo o número de postos do ano anterior, as entidades de Arela e Cruz Vermella tamén, pero se incorporaron como novidade o CEIP Fontiñas e o Programa Abeiro.

**Indicador nº 4: Número de participantes reais nos postos: 78.**

- ✦ Ao haber un lixeiro incremento de postos con respecto ao número previsto, tamén se subiu no número de participantes, cun incremento do 4 %.
- ✦ Se analizamos o incremento tendo como referencia a anterior edición, este ascende a un 65,9 % (47 menores no ano 2013, fronte a 78 no presente ano). Esta subida está relacionado co mantemento da cifra de participantes dos que proceden das entidades IES Antonio Fraguas, Cruz Vermella e Arela, e coa incorporación do CEIP Fontiñas e Programa de atención a familias Abeiro.

**Indicador nº 5: Número de visitas aproximado: estímase un número aproximado de 989 persoas.**

- ✦ Segundo informacións facilitadas por persoal da Area Central, o día do mercadiño, en horario de 16 a 20 horas, se rexistraron un total de 1710 entradas de persoas que se dirixiron á zona onde estaba instalado e que puideron ver, colaborar ou participar nas actividades.
- ✦ Con respecto ás persoas, que dun xeito intencionado, acudiron ao mercadiño estímase o seguinte:
  - Nº de menores encargados de postos: 78.
  - Nº de participantes en obradoiros: 256.
  - Nº de familiares e amizades que acudiron ao mercadiño: 324.
  - Nº de profesionais da rede comunitaria do barrio, doutros pertencentes a entidades afíns, voluntariado, etc.: 75
- ✦ Asemade, consideramos que un 15 % das entradas rexistradas por Area Central, tiñan como obxecto específico acudir ao mercadiño: 256.

<sup>6</sup> *Infancia*: menores con idade igual ou inferior aos 12 anos.

<sup>7</sup> *Adolescencia*: menores con idade superior aos 12 e inferior aos 18 anos.





✚ **Indicador nº 6: Número de diferentes actividades de animación: 10 actividades previstas**, que foron as seguintes:

- ☞ **Actividade inaugural, ás 16:30 horas: actuación musical do coro** de alumnas e alumnos do **IES Antonio Fraguas**, dirixido polo profesor D. Carlos Encisa.
- ☞ Desenvolvemento de **diversos obradoiros**, en simultáneo co desenvolvemento do propio mercadoño; horario: 17 a 19 horas. Os obradoiros previstos son:

✚ Cruz Vermella:

- **Xogos de grupo** dinamizados por voluntariado.
- **Obradoiros de manualidades**, realizados cun enfoque interxeneracional.
- **Obradoiro de maquillaxe**.

✚ **Actividades de fomento da igualdade** implementadas dende o Centro de Información á Muller do Concello de Santiago de Compostela: Elaboración de móbiles e variñas máxicas, cun enfoque intercultural.

✚ Asemblea de Cooperación pola Paz:

- **Photocall** para que os mozos e as mozas se fotografien xunto a mensaxes que promovan a integración.
- **Estudio ficticio de televisión** no que alumnas e alumnos do obradoiro audio visual do proxecto “Barrios Abertos” farán as prácticas de gravación sobre a vida asociativa do barrio.

✚ Dentro do Programa de Prevención da UMAD:

- **Exhibición de Breakdance**, ás 17,30 horas.
- **Obradoiro de Breakdance**; preténdese poñer a disposición da xuventude un espazo no que poidan manifestar as súas habilidades e contribuír ao fomento destas actividades; horario: de 18 a 19 horas.

✚ **Acto de clausura**, ás 19,30 horas, con **actuación de flamenco** (baile, cante e guitarra) a cargo de Isaías Salazar, Miguel Flores e Iria Peña.

Das actividades sinaladas anteriormente, houbo unha que non chegou a implementarse: xogos de grupo de Cruz vermella, dado que consideraron que xa existía un número importante das mesmas e que o espazo non era suficiente para poder levala a cabo.

Aínda considerando o número de actividades en 9, houbo un importante incremento con respecto ao ano



anterior (5), que representa un 80 %.

✦ **Indicador nº 7: Número de profesionais e/ou voluntarios ao fronte das actividades de dinamización: 40**, que se desglosan do seguinte xeito:

- ✦ Ao fronte da actuación musical do coro de alumnas e alumnos do IES Antonio Fraguas: 1 persoa (docente do mencionado centro educativo).
- ✦ Nos obradoiros de manualidades, realizados cun enfoque interxeneracional, por Cruz Vermella: 6 persoas.
- ✦ Nas restantes accións de Cruz Vermella: 13 voluntarios (8 de Cruz Vermella Xuventude e 5 de Cruz Vermella NEO<sup>8</sup>).
- ✦ Nas actividades de fomento da igualdade implementadas dende o Centro de Información á Muller do Concello de Santiago de Compostela: 2 persoas.
- ✦ No Obradoiro de *Breakdance* (actividade do Programa de Prevención da UMAD – Concello de Santiago de Compostela): 5 persoas.
- ✦ Nas actividades implementadas dende a Asemblea de Cooperación pola Paz:
  - ✦ Obradoiro de TV do IES Antonio Fraguas / Escolas sen racismo: 5 (4 estudantes e 1 monitora).
  - ✦ Obradoiro de TV Barrios Abertos: 5 (4 adolescentes e un monitor).
  - ✦ Técnicos e voluntarios da entidade: 3 (2 profesionais e un voluntario).

Ao haber un incremento de actividades, tamén o houbo dos profesionais de referencia. Así, se no ano anterior, 25 profesionais e voluntarios estiveron ao fronte das mesmas, na actual foron 40, polo que houbo un incremento do 60 %.

✦ **Indicador nº 8: Número de participantes aproximado nos obradoiros: 228 persoas.**

- ✦ No coro de alumnas e alumnos do IES Antonio Fraguas: 14 rapazas e rapaces.
- ✦ Nos obradoiros de manualidades, realizados cun enfoque interxeneracional, por Cruz Vermella: 17 persoas.
- ✦ No obradoiro de maquillaxe, realizado por Cruz Vermella: 37 persoas.
- ✦ Nas actividades de fomento da igualdade implementadas dende o Centro de Información á Muller do Concello de Santiago de Compostela: 55 menores.

---

<sup>8</sup> Con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos).



- ✦ No Obradoiro de *Breakdance* (actividade do Programa de Prevención da UMAD – Concello de Santiago de Compostela): 25 persoas.
- ✦ Nas actividades implementadas dende a Asemblea de Cooperación pola Paz:
  - ✦ Obradoiro de TV do IES Antonio Fraguas / Escolas sen racismo: 15.
  - ✦ Obradoiro de TV Barrios Abertos: 10
  - ✦ Photocall: 55 persoas.

Tamén houbo un incremento de participantes con respecto ao ano anterior (228 fronte a 144), que representa un 58,3 %.

- ✦ **Indicador nº 9: Número de entidades da rede que participaron activamente no proxecto: 9 entidades**, o que supón o 75 % das que compoñen habitualmente as Xuntanzas de Barrio de Fontiñas. As entidades que participaron na Comisión Organizativa foron: Centro de Día Arela, Fundación Secretariado Xitano; IES Antonio Fraguas, Cruz Vermella, Programa de atención a familias “Abeiro”, UMAD, Asemblea de Cooperación pola Paz, UTS Fontiñas, Programa municipal socioeducativo e Concelleira de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.
- ✦ **Indicador nº 10: Recadación e grado de consecución do proxecto solidario: 604,02 €** (sendo desglosado esta cifra en 73 € de inscricións e 531,02 € de recaudación). Supuso un incremento con respecto á edición anterior do 67,6 % (604,02 € fronte a 360,43 €).

Pero unha avaliación para ser **participativa debe ter en conta o punto de vista da cidadanía, tanto dos participantes como dos asistentes**. Realizouse un pequeno cuestionario de avaliación que contemplaba tres aspectos a avaliar (a iniciativa, o proxecto solidario e as actividades de avaliación) e un aberto a suxestións globais. Os items de valoración ían do 1 ao 5, onde o 1 é a valoración mais baixa (nada satisfeito co realizado) e o 5 a valoración mais alta (moi satisfeito co realizado). Recolléronse un total de **39 cuestionarios**, cumplimentados todos de xeito anónimo. Centrémonos agora na avaliación propiamente dita:

- ✦ **Cuestión 1: Cómo valorarías a iniciativa?** A media de valoración deste apartado reflexa un grao de satisfacción moi elevado, incluso superior á do ano anterior, que se aproxima á puntuación máxima; **puntuación acadada 4,92** (sobre 5) (ano anterior: 4,8).
- ✦ **Cuestión 2: Qué grao de interese ten o proxecto solidario ao que vai destinado o proxecto?** A media de valoración deste apartado segue reflexando un grao de satisfacción moi elevado, que se aproxima á puntuación máxima e novamente superior á do ano anterior; **puntuación acadada 4,77** (sobre 5) (ano anterior: 4,6).




- ✚ **Cuestión 3: Cómo valorarías as actividades de animación levadas a cabo ao longo da xornada?.** A media de valoración deste apartado segue reflexando un grao de satisfacción moi elevado, que se aproxima á puntuación máxima; **puntuación acadada 4,36** (sobre 5); aquí houbo un lixeiro descenso con respecto ao ano anterior (4,7); para vindeiras edicións debería ser ter en conta as distintas franxas de idade dos participantes para a elección das actividades.

#### 4.3.- Avaliación cualitativa:

A valoración cualitativa do proxecto realizouse atendendo a distintos criterios:

- a).- **Utilizando o “libro de visitas”;** nel, calquera persoa que acudira ao mercadillo, podía facer constar a súa apreciación subxectiva. Recolleuse un total de **28 comentarios** e aportacións. A tónica xeral é moi positiva. Ofrécese unha mostra das aportacións:



Que idea máis boa para indicar que os máis desfavorecidos importan. Actuar de aquí saldrán os mellores chefs do futuro

Boa idea desde o punto de vista pedagóxico e social. Hai que seguir traballando por este camiño

en hora boa a todos

Moraboa pola fabulosa idea. Os nenos están felices de participar.

Me gusta todo lo que habia e os detalles.

Una gran idea para hacer a nuestras hijas participes en una acción solidaria

pareceume unha idea moi boa. Queda tanta moita éxito e se siga a celebrar en vindeiros anos.

Moraboa a todos os que organizaron isto e a todos os participantes. É unha felicidade ver a xente nova con ganas de axudar aos demais



Entorabuena a todos los puestos fueron geniales.  
Estuvo todo muy bonfo.

Vanessa MV

Encantada de trabajar con todas mis  
compañeras del barrio de Fontinas.  
Mu besato a todas y todos.  
Con cariño.

Eva

Una experiencia  
maravillosa. Mellor  
ano tras ano.  
Atx o próximo.

ANA GARRIDO

Que buena actuación  
y despliegue de técnica.

José

Nai boa iniciativa  
interesante e partira  
para noso enxeño  
Tedes que repetilo

¡Qué buena experiencia  
al lado de todas vosotras!  
Además, ayudando.

Gracias

Disfrutando desde  
el otro lado de la  
diversidad y convivencia  
positiva.  
GRACIAS

Que bonita iniciativa,  
que bo rollo,  
que erencia  
que arte  
e que xente boa neste  
encuentro  
Gracias por organizado  
Isa Tabares

Nestes tempos, temos que  
avanzarnos uns a outros. É impor-  
tante que as nosas sepan co-partir.  
É unha estupenda iniciativa!

Loly

A sido moi divertido!  
Tedes que repetilo o ano que veñe?

Marta Alba

Me parece una idea genial porque los chavales aprenden  
alguna manera diferente de compartir e intercambiar  
¡ enhorabuena ! Marta Alba

Una iniciativa na que todas se implicaron  
desde os máis pequenos cos máis maiores.  
Ilusión, risas e sobrelado unha boa  
causa é que recordar para nos se peor  
o etén a parar.

José Luis  
Carpintero

Entorabuena a todos los colaboradores por su  
participación, presentaciones, etc... os esperamos un  
año máis. Gracias

Raquel

Gracias por comprarme a mi paces  
Saludos

Pablo Riera

Un muy bo mercado, encantoume. Gracias por colaborar.

Tania

José

Loreu

Paseimo moi  
ben! Pero sabreu

A sido una gran experiencia

Me encantaría volver a repetirlo!!

ML B

Fue superguay y me es paseo genial.

¡¡¡Ojalá lo repetáis durante  
años y años!!! Lo

Lo

Vendimos menos que el año pasado pero aún  
así, volvería encantada! Lo

O quero Omni





b).- E nos **questionarios** cumprimentados polos diferentes participantes tamén se fixeron suxestións e valoracións do proxecto<sup>9</sup>:

4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:  
Que se repita el año que viene.

4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:  
Que se vuelva a repetir el año que viene.

4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:  
Más actividades a lo largo do ano

4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:  
Bzires!! Lo demás perfecto!!

4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:  
Foi IDEAL

<sup>9</sup> Unha vez mais, transcríbense do xeito que foron expostos.



4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:  
Para o Break

4.- Suxestións para a realización doutras actividades comunitarias do Barrio de Fontiñas:  
Mais macadillos!! <3

Unha avaliación participativa e democrática, que fomentaba e invitaba a cada un dos participantes e/ou asistentes a ofrecer o seu punto de vista sobre o proxecto e a poder suxerir variantes para vindeiras edicións.

Isto contribúe á nosa idea dunha comunidade aberta, flexible, que cree na diversidade como un potencial.

#### **4.4.- A avaliación do grao de consecución de obxectivos:**

Conxugamos agora os resultados acadados cos obxectivos establecidos no proxecto:


- ✚ **Fomentar a participación e a dinamización social na zona.** Considérase amplamente acadado este obxectivo si temos presente que 78 menores estiveron ao fronte dos postos do mercadiño, que houbo ao redor de 1000 persoas que asistiron ao mesmo, que moitas mais pasaron pola zona, cunha participación en obradoiros de 256 rapazas e rapaces e coa asistencia de 75 profesionais pertencentes a entidades sociais, sanitaria e educativas que apoiaban firmemente a iniciativa.
- ✚ **Reforzar os “espazos de encontro” e a “vida comunitaria”, nos que estean presentes os valores da igualdade e da solidariedade social.** Obxectivo amplamente acadado. Area Central, o 23 de maio, foi un “punto de encontro comunitario”, onde se reflectía a diversidade social que caracteriza o barrio; onde a convivencia de distintas persoas con perfil moi variado foi positiva e enriquecedora; onde os principios de igualdade e de fomento da solidariedade estaban patentes nas veciñas e veciños.
- ✚ **Implicar e integrar a tódolos axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.** Unha vez mais, as entidades socio-educativas do barrio souberon transmitir ao exterior o traballo en rede, que amplamente se consolidara en mais de quince anos de existencia. O 75 % das entidades formaron parte da Comisión Organizativa, e asumiron o traballo directo cos rapaces e rapazas, e tamén coa poboación en xeral, fomentado a dinamización social. As restantes, acudiron a presenciar a actividade.
- ✚ **Activar procesos de solidariedade entre a veciñanza, facéndoos conscientes de necesidades do barrio.** Un dos fins do proxecto era solidario; supoñía traballar cos rapaces e rapazas sobre as



necesidades sociais existentes na actualidade, que non están afastadas deles.

Supoñía traballar con toda a poboación que todos e todas podemos contribuír, na medida das nosas posibilidades, a acadar un fin social concreto e que podemos axudar ao benestar social do veciñanza. Si se activaron procesos de solidariedade, pero tamén é certo que son necesarias vindeiras edicións para reforzar os mesmos.

- ✚ **Impulsar actividades nas que nenos, nenas, mozos e mozas sexan os protagonistas.** Só hai que ver a participación directa dos rapaces (78) no mercadoño, a ilusión que mantiveron durante a xornada, a capacidade de empatía cos demais, etc.; visualizar comentarios do “libro de visitas” é útil para chegar a comprobar o cumprimento deste obxectivo. O alcance nos medios de comunicación e a visualización das diferentes imaxes axudan a entender o éxito neste apartado.
- ✚ **Concienciar aos menores sobre a realidade social e comunitaria na que viven e “espertar” neles iniciativas de índole solidaria.** Sería repetir o xa analizado para veciñanza. Un traballo directo cos menores realizado dende o IES Antonio Fraguas e CEP Fontiñas, así como dende as entidades sociais, Cruz Vermella, Programa Abeiro, Asemblea de Cooperación pola Paz e Centro de Día Arela. Un traballo que comezou, con bos froitos no ano 2013, e que tenta consolidarse no 2014.
- ✚ **Ofertar aos mais novos a posibilidade de que “sexan a voz” que transmita novas iniciativas comunitarias.** Unha voz que foi escoitada directamente en xuntanzas mantidas cun grupo deles pola orientadora do IES Antonio Fraguas; unha voz que foi deixada por escrito nos seus cuestionarios de avaliación; unha voz que foi recollida no “libro de visitas”; unha voz recollida tamén na reportaxe do taller de televisión de Agareso..., pero o mais importante, unha voz que se reflectiu na súa actitude e comportamento ao longo da xornada, na que só se pode dicir unha palabra: exemplar!.
- ✚ **Difundir a importancia de valorar a interculturalidade,** onde especialmente os mais novos traballaron de xeito transversal este valor a través das actividades ofertadas pola Centro municipal de Información á Muller ou no Photocall da Asemblea de Cooperación pola Paz (onde xa se incorporaron adolescentes e mesmamente, persoas adultas), con 55 participantes en cada un.
- ✚ **Promover a integración das persoas de orixe estranxeira nas actividades do barrio,** como veciños e veciñas que comparten o seu tempo de lecer e que se implican en actividades con fin solidario. Todas e todos temos algo que aportar!.



*Os nosos agradacementos...*





Dende aquí, as profesionais que suscribimos este documento desexamos facer constar os nosos **AGRADECEMENTOS**:

- *As rapazas e rapaces do CEIP Fontiñas, IES Antonio Fraguas, Programa Abeiro, Centro de día Arela, Cruz Vermella e Asemblea de Cooperación pola Paz, polo voso esforzo, pola vosa implicación, pola enerxía, pola ilusión... Sen vós, isto non sería posible!. Á importante labor de concienciación, dinamización e organización levada a cabo polos profesionais das mencionadas entidades, que demostraron que “con ganas e ilusión, un proxecto pode materializarse”.*
- *As súas familias, pola colaboración nas actividades propostas, pola implicación amosada e por contribuir a que un proxecto se faga realidade.*
- *Aos diferentes profesionais do ámbito educativo, sanitario e social, que evidenciaron o seu apoio a unha iniciativa comunitaria coa súa presenza e participación.*
- *Á capacidade de traballo en rede amosada polos técnicos da UTS Fontiñas, UMAD, programa municipal socioeducativo, IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, Programa de atención a familias “Abeiro”, Centro de Día “Arela” e Asemblea de Cooperación pola Paz. Compartimos traballo, compartimos enerxía, e tamén logros!.*
- *Ao apoio amosado dende a Xefatura de Servizo da Area de Servizos Sociais, Dona Teresa Furelos Toral, apoiando as iniciativas comunitarias do barrio e recoñecendo a labor que veñen desenvolvendo cada unha das entidades.*
- *Ao impulso á experiencia comunitaria realizado pola Xerencia do Centro Comercial “Area Central”, amosando o seu compromiso social co barrio no que se asenta.*
- *Sen esquecer tampouco a contribución de Agareso (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios), que co taller de TV do IES Antonio Fraguas e de Barrios Abertos quixeron deixar constancia dunha fermosa experiencia comunitaria.*



- ... e fundamentalmente ás veciñas e veciños de Fontiñas, que tentan a través da súa participación nos distintos proxectos, converter ao seu barrio nunha verdadeira comunidade.
- O agradecemento para todos aqueles que coa súa contribución fixeron que unha pequena “idea” se convertera nun importante “proxecto social”, onde a convivencia e a diversidade foron os piares básicos, ao tempo que se teceron lazos de solidariedade social. Grazas.

*E tamén...*

- A María Castelao Torres, Concelleira da Area de Servizos Sociais no momento da implementación do I e II Mercadiño Solidario Trócame-Roque, por non só sumarse ás iniciativas xa consolidadas no barrio de Fontiñas, senón contribuir a reforzalas, potencialas e diversificalas. Pola ilusión amosada en cada un dos proxectos, pola enerxía e polo empuxe ás iniciativas técnicas.



*¡Gracias!*

